

Nº EXP	2026034792
ASUNTO	Modificación do regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra
TRÁMITE	Informe complementario do Centro Príncipe Felipe

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2024, aprobou o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe, (BOPPO núm. 77, 19 de abril de 2024).

Co obxecto de dotar o Regulamento dun contido máis completo e sistemático, considérase oportuno proceder á súa modificación, incorporando determinados aspectos previstos no *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como na Orde do 2 de xullo de 2025, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3*, así como introducir determinadas precisións técnicas no seu articulado.

Na tramitación do expediente para a modificación do Regulamento, visto o informe da Secretaría Xeral (CSV: EBEBDF31MOA3K48L) emitido o 1 de xullo de 2026, a xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe

INFORMA

I.- Consulta previa

Segundo o informe emitido pola Secretaría Xeral, en aplicación do art. 133.4, da Lei 39/2015, non resulta preceptiva a consulta pública previa, ao tratarse dun Regulamento de carácter organizativo.

Así mesmo, consta no expediente de aprobación do Regulamento (nº 2022035629), que o trámite da consulta previa realizouse e concluíu na inexistencia de propostas para a redacción da dita ordenanza (CSV: 14A6WNBKQIE86KG22).

A modificación que se pretende aprobar, é a de incorporar ao Regulamento vixente determinadas precisións técnicas, e completar a regulación de aspectos xa previstos na normativa sectorial, polo exposto, resulta plenamente aplicable o criterio recollido no informe da Secretaría Xeral.

II.- Análise do impacto normativo

Dado o carácter puntual e non substancial da modificación proposta e ao non alterarse os elementos esenciais do Regulamento nin as conclusións da análise de impacto normativo efectuada no expediente de aprobación, considérase suficiente a presente actualización dos aspectos afectados pola modificación.

Neste sentido, compre lembrar o seguintes informes incorporados ao expediente da aprobación do Regulamento:



- Informe de impacto de xénero emitido pola xefa do Servizo de Igualdade, o 12 de decembro de 2024 (CSV: TXB8V5TIW0EZIK1T) e no que se conclúe que o Regulamento ten un impacto de xénero positivo respecto á igualdade de oportunidades de mulleres e homes, favorecendo por parte da Deputación de Pontevedra, como institución pública, a corresponsabilización nos coidados do/da menor, coa conseguinte redistribución social dos mesmos.
- No que respecta á repercusión, efectos e cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o dito Regulamento é unha disposición de carácter organizativo, polo que, non contén cuestións de carácter económico, así se informou pola Intervención na dilixencia incorporada ao expediente da aprobación do Regulamento (CSV: XOJKGYXVIToAVAV2), de data 12/02/2024.

A modificación do Regulamento tampouco incorpora cuestións de carácter económico.

En canto ao impacto na normativa de familia – Lei 40/2003, o Regulamento establece a organización e funcionamento interno da Escola Infantil, dispoñendo para a adxudicación que este, [...] *tramitarase pola Deputación de Pontevedra, en función da puntuación e procedemento de adxudicación de prazas e valoración de solicitudes segundo se desenvolva nas Bases que regulan a admisión dos usuarios na Escola Infantil 0-3 anos de Príncipe Felipe para cada curso escolar.* A base cuarta regula os criterios de adxudicación de prazas establecendo unha orde de prelación en consideración do disposto pola Xunta de Galicia para todas as escolas infantís da Comunidade Autónoma, e no que se prevé o tratamento para os distintos casos que se poidan dar (familias numerosas, monoparentais,...).

Á vista do anterior conclúese que o regulamento e a modificación proposta, presenta un impacto indirecto, de carácter positivo, sobre as familias numerosas. Aínda que non regula directamente o procedemento de admisión nin establece medidas específicas de protección para este colectivo, remite expresamente ás bases de admisión que se aproban para cada curso escolar, nas que se recollen os criterios e as medidas de acción positiva aplicables ás familias numerosas.

En consecuencia, o regulamento contribúe á aplicación efectiva das medidas de protección previstas na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, ao integrar a remisión ás bases de admisión no marco regulador da escola infantil, sen modificar nin limitar os dereitos e beneficios recoñecidos pola citada normativa.

III.- Texto coas modificacións do regulamento proposto

O texto do Regulamento modificado, figura na plataforma de xestión de expedientes (CSV: M21ND9FUIAT90324).

IV.- Informe-proposta do centro xestor.

O informe-proposta asinado polo deputado delegado da área do Centro Príncipe Felipe, figura na plataforma de xestión de expedientes (CSV: I61D9QTCDIRLUEU1).

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

EXPEDIENTE.-

